

**Sesión extraordinaria do pleno do concello 07.01.2022.  
Decreto convocatoria**

Examinada a relación de asuntos remitida pola Secretaría, considerando o tratado na sesión da Xunta de Portavoces do día 30.12.2021, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

**Primeiro.-**

Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión extraordinaria que terá lugar o día **07.01.2022**, no Teatro Principal, ás **11:00 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

*Á sesión poderá asistirse presencialmente ou telematicamente a través de videoconferencia. Remítanse por correo electrónico as instrucións para entrada na sala virtual.*

**Segundo.-**

Fixar a seguinte orde do día:

Asunto único: Orzamento xeral do Concello para o exercicio 2022. 2021/XENINT/000070.

**Terceiro.-** Dar traslado da presente:

- Aos concelleiros e concelleiras e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.
- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.
- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

\* Os expedientes dos asuntos incluídos na orde do día da presente sesión encóntanse á súa disposición na pestaña favoritos do seu perfil de usuario de CIVIDAS. Poderán acceder a través dos ordenadores instalados no Concello aos grupos municipais ou, no seu defecto, a través dos ordenadores da Secretaría do Concello.

Pontevedra, á data da sinatura.